




**Caderno de
información
académica**

**1º ESO
Curso
2018 - 2019**


MÓNICA DIZ BESADA

monicadizorienta.blogspot.com


Este caderno pertence a

CONTIDOS DO CADERNO:

1. Esquema da ESO	2
2. Características da ESO	3
3. E despois da ESO que	8
4. As ensinanzas universitarias	15
5. As ensinanzas de réxime especial	17
6. Contidos das materias de 2º de ESO	19
7. Comproba o que sabes	25



1. ESTRUCTURA DA ESO



2. A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

Características da Educación Secundaria Obligatoria (ESO)

Etapa educativa obligatoria. Está dirixida ao alumnado dende os 12 ata os 16 anos. Aínda que se pode permanecer nela ata os 18 ou 19 anos, en caso de ter que repetir.

Consta de 4 cursos organizados en dous ciclos:

1º ciclo:

- 1º curso de ESO
- 2º curso de ESO
- 3º curso de ESO

2º ciclo:

- 4º curso de ESO

Estúdase tres tipos de materias: **troncais, específicas e de libre configuración.**

Que título se obtén ao superar a ESO



Para acadar o título haberá que superar, ademais das materias de ESO, unha proba de avaliación final. O alumnado que supera esa proba obtén o **título de graduado en educación secundaria**.

O título é necesario para poder continuar estudos posteriores, xa sexan de bacharelato ou formación profesional.

O título acadado é o título mínimo que se esixe actualmente para desempeñar un posto de traballo, sin el terás unhas nulas posibilidades de ter un contrato de traballo.

Como se estrutura 2º, 3º e 4º de ESO

2º DE ESO

En 2º de ESO terás que escoller entre ensinanzas de **Relixión ou Valores Éticos**. A opción de Relixión ou Valores Éticos poderás cambiala en cada curso de ESO.

Relixión
ou
Valores Éticos

Tamén terás que escoller unha materia que poderá ser:


- Materia de Libre configuración autonómica.
- Materia propia do centro.
- Materia de reforzo ou afondamento.

As materias de libre configuración autonómica que se poden ofertar nos centros en Galicia son:

- ✓ Educación Financeira
- ✓ Investigación e tratamento da información.
- ✓ Oratoria
- ✓ Paisaxe e sustentabilidade.
- ✓ Programación
- ✓ Promoción de estilos de vida saudable.
- ✓ Xadrez
- ✓ Igualdade de xénero
- ✓ Consumo responsable
- ✓ Identidade dixital
- ✓ Mobilidade escolar sostible e segura
- ✓ Valores democráticos e europeos

3º DE ESO



En 3º de ESO terás que escoller varias opcións:



No caso da **opción de matemáticas** debes saber que en 3º terás que escoller entre matemáticas académicas ou aplicadas, e aínda que podes cambiar de opción en 4º, o que escollas en 3º xa te orientará a un dos itinerarios de 4º de ESO.

4º DE ESO

En 4º curso de ESO debes escoller un dos dous itinerarios (enseñanzas académicas ou enseñanzas aplicadas), e cada un deles darache acceso a uns ou outros estudos.



Como ves en 4º de ESO, se escolles o camiño de ensinos académicos prepárate para acceder a un bacharelato, pero se escolles o camiño de ensinos aplicados prepárate para acceder á Formación Profesional.

Así que en 3º de ESO según escollas matemáticas académicas ou matemáticas aplicadas estarás preparándote xa para un itinerario determinado de 4º.

A continuación podes ver os itinerarios de ESO:

Acceso a
Bacharelato

Acceso a Ciclos
Medios de FP

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
			ENSINANZAS ACADÉMICAS	ENSINANZAS APLICADAS
Bioloxía e Xeoloxía (4h) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (4h) Lingua Galega e Literatura (4h) Matemáticas (5h) Inglés (3h) Educación Física (2h) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) Francés (2h) Titoría (1h) ELIXIR UNHA: ☐ Paisaxe e sustentabilidade (1h) ☐ Promoción de estilos de vida saudable (1h) ☐ Educación Financeira (1h) ☐ Investigación e tratamento da información (1h) ☐ Oratoria (1h) ☐ Programación (1h) ☐ Xadrez (1h) ☐ Igualdade de xénero (1h) ☐ Obradoiro de música (1h) ☐ Consumo responsable (1h) ☐ Identidade dixital (1h) ☐ Mobilidade escolar sostible e segura (1h) ☐ Valores democráticos europeos (1h) ELIXIR UNHA: ☐ Relixión (1h) ☐ Valores Éticos (1h)	Física e Química (3h) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Matemáticas (5h) Inglés (3h) Educación Física (2h) Música (2h) Tecnoloxía (3h) Francés (2h) Titoría (1h) ELIXIR UNHA: ☐ Paisaxe e sustentabilidade (1h) ☐ Promoción de estilos de vida saudable (1h) ☐ Educación Financeira (1h) ☐ Investigación e tratamento da información (1h) ☐ Oratoria (1h) ☐ Programación (1h) ☐ Xadrez (1h) ☐ Igualdade de xénero (1h) ☐ Consumo responsable (1h) ☐ Identidade dixital (1h) ☐ Mobilidade escolar sostible e segura (1h) ☐ Valores democráticos europeos (1h) ELIXIR UNHA: ☐ Relixión (1h) ☐ Valores Éticos (1h)	Bioloxía e Xeoloxía (2h) Física e Química (2h) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Inglés (3h) Educación Física (2h) Música (2h) Tecnoloxía (2h) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) Titoría (1h) ELIXIR UNHA: ☐ Matemáticas académicas (4h) ☐ Matemáticas aplicadas (4h) ELIXIR UNHA: ☐ Francés (2h) ☐ Cultura Clásica (2h) ELIXIR UNHA: ☐ Relixión (1h) ☐ Valores Éticos (1h)	Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Matemáticas Académicas (4h) Inglés (3h) Educación Física (2h) Titoría (1h) ELIXIR UNHA OPCIÓN: ☐ Bioloxía e Xeoloxía (3h) + Física e Química (3h) ☐ Economía (3h) + Latín (3h)	Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Matemáticas Aplicadas (4h) Inglés (3h) Educación Física (2h) Titoría (1h) ELIXIR DÚAS ☐ Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h) ☐ Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h) ☐ Tecnoloxía (3h)
			ELIXIR DÚAS: ☐ Francés (3h) ☐ Tecnoloxías da Información e da Comunicación (3h) ☐ Música (3h) ☐ Educación Plástica e Visual (3h) ☐ Filosofía (3h) ☐ Artes Escénicas e Danza (3h) ☐ Cultura Científica (3h) ☐ Cultura Clásica (3h) ☐ Unha materia troncal non cursada da súa opción (3h) ELIXIR UNHA: ☐ Relixión (1h) ☐ Valores Éticos (1h)	

Promoción e titulación



Aprobado !!!

Poderase repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos).

- Excepcionalmente, un alumno ou alumna poderá repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- Os alumnos promocionarán de curso cando superasen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo.
- Repetirase curso con avaliación negativa en 3 ou máis materias, ou en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.
- As materias coa **mesma denominación** en diferentes cursos da ESO consideraranse como **materias distintas**. É dicir, se suspendes lingua castelá de 2º e de 1º, serán consideradas como dúas materias diferentes, así que se suspendes unha máis, por regra xeral terías que repetir curso por suspender máis de dúas materias.
- Quen promocioe sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes. Quen non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.

Consello orientador



- **Ao final de cada un dos cursos de ESO** entregárase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno un consello orientador, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir.
- Se se considera necesario, o consello orientador poderá incluír unha **recomendación sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) ou a un ciclo de Formación Profesional Básica (FPB)**.

Que poden facer os alumnos que non progresan adecuadamente na ESO

A obtención do título de Graduado en Educación Secundaria é tan importante para asegurar un futuro académico ou profesional que, durante a escolarización na ESO, ofrécense diversas posibilidades para axudar aos alumnos con dificultades e con risco de abandono escolar.

- **DESDOBRES, AGRUPAMENTOS, REFORZOS, APOIOS:** Existen diferentes agrupamentos e programas de apoio ao alumnado para que poida obter o título de graduado en educación secundaria.
- **PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR):** O

alumnado que xa repetira un curso e teña dificultades de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo poderá incorporarse a un **Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento de 1 ou 2 anos**.


- **PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (FPB):** Se non se logra o título de graduado en educación secundaria pódese cursar un **Programa de Formación Profesional Básica** para evitar incorporarse ao mundo laboral sen cualificación.
- **EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS:** Ao cumprir 18 anos se no se acadou o título de ESO pódese acceder á **modalidade de Adultos** para facer os cursos que che quedaron sin aprobar de ESO. Nesta modalidade non hai límite de tempo para acadar o título. Os 4 cursos da ESO comprímense en dous, de tal xeito que no 1º ano cúrsase 1º e 2º de ESO en dous cuatrimestres, e no 2º ano cúrsase 3º e 4º en outros dous cuatrimestres.

Excepcionalmente poden acceder á ESA (Educación Secundaria de Adultos) os maiores de 16 anos se teñen un contrato de traballo.

- **PROBA DE ACCESO A CICLOS DE GRAO MEDIO:** Outra vía é presentarse á **proba de acceso a ciclos de grao medio** para maiores de 17 anos. Se superas esta proba, aínda que non obterás o título de ESO, poderás solicitar praza nun Ciclo de Formación Profesional de Grao Medio. Este exame celébrase todos os anos no mes de maio, é tipo test e avalía os contidos de materias de 3º e 4º de ESO.

3. E DESPOIS DA ESO QUE?

Que podo estudar despois da ESO?



Que son os Programas de Formación Profesional Básica



Son accións formativas que están dirixidas a alumnos entre 15 e 17 anos que, por diferentes circunstancias, non obtiveron o título de graduado en educación secundaria (ESO) e están en risco de abandono escolar.

Proporcionan unha formación básica e profesional vinculada coas especialidades das distintas familias profesionais.

Teñen unha duración de dous cursos.

Os requisitos de acceso son:

- 1ª Ter entre 15 e 17 anos cumpridos no ano de incorporación ao programa.
- 2ª Non estar en posesión do título de ESO.
- 3ª Ter cursado 3º de ESO e excepcionalmente 2º de ESO.
- 4ª Ser recomendado polo equipo docente e polo Orientador/a.
- 5ª Ter o consentimento do pai/nai/ titor/a legal.

Que módulos (materias) se estudan nos programas:

1. Módulos asociados ás unidades de competencia profesionais (nos que te iniciarás nunha profesión).
2. Módulos formativos comúns e académicos:
 - A) Módulo de Comunicación e Sociedade: Lingua Castelá, Lingua Galega, Lingua Estranxeira e Ciencias Sociais.
 - B) Módulo de Ciencias Aplicadas: Matemáticas aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.
3. Módulo de Formación en Centros de Traballo (3 meses de prácticas nunha empresa)

As especialidades que se ofertan son as seguintes:

FAMILIA PROFESIONAL	CICLO DE FP BÁSICA
Administración e xestión	Servizos administrativos
Agraria	Agroxardaría e composicións florais Actividades agropecuarias Aproveitamentos forestais
Artes gráficas	Artes gráficas
Comercio e márketing	Servizos comerciais
Electricidade e electrónica	Electricidade e electrónica Instalacións eletrotécnicas e mecánica
Edificación e obra civil	Reforma e mantemento de edificios
Fabricación mecánica	Fabricación e montaxe Fabricación de elementos metálicos
Hostalaría e turismo	Cociña e restauración Aloxamento e lavandaría Actividades de panadaría e pastelería
Informática e comunicacións	Informática e comunicacións Informática de oficina
Imaxe persoal	Peiteado e estética
Industrias alimentarias	Industrias alimentarias

Madeira, moble e cortiza	Carpintaría e moble
Marítimo-pesqueiras	Actividades marítimo-pesqueiras
Servizos socioculturais e á comunidade	Actividades domésticas e limpeza de edificios
Téxtil, confección e pel	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel Tapizaría e cortinaxe
Transporte e mantemento de vehículos	Mantemento de vehículos Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
Vidro e cerámica	Vidraría e olaría

Que saídas teñen estes programas:

- Obtense o título Profesional Básico da familia profesional correspondente.
- Este título dará acceso directo aos ciclos de Formación Profesional de grao Medio.
- Poderase o obter o título de ESO superando todas as materias e ámbitos do programa.

Programas de FP Básica para alumnos con NEE (Necesidades Educativas Especiais):

Nos centros de Educación Especial ofértanse Programas Formativos para alumnos con NEE. Trátase de programas adaptados ás necesidades dos alumnos, onde poderán cursar módulos profesionais dun título de FP Básica, e módulos de formación adaptados ás súas necesidades.

Que estudos se poden realizar co título de Graduado en Educación Secundaria

O título de graduado en educación secundaria permite acceder:

- Aos ciclos de formación profesional de grao medio.
- Ao bacharelato.
- Ás ensinanzas de Réxime Especial: música, danza, artes plásticas, idiomas, ensinanzas deportivas.

Que é a Formación Profesional



Formación Profesional

Ensinanzas que capacitan para o exercicio dunha profesión. Duran dous cursos e organízanse en ciclos de grao básico, medio superior.

Están conformados por unha serie de módulos (materias) de formación teórico-práctica mediante os que se adquieren as competencias propias do título.

A superación de todos os módulos dun ciclo permite a obtención do título de técnico ou técnico superior, según se cursara un ciclo de grao medio ou superior.

O título posibilita a incorporación ao mundo laboral cunha formación que permitirá traballar como autónomo ou como asalariado, cunha cualificación profesional suficiente para o desempeño dunha profesión.

Para acceder ós **ciclos formativos de grao medio** débese ter o título de ESO, superar un Programa de Formación Profesional Básico, ou superar unha proba de acceso se cumpres 17 anos.


Para acceder ós **ciclos de grao superior** débese cursar previamente un ciclo medio, o bacharelato ou superar unha proba de acceso se tes 19 anos.

O título posibilita a incorporación ao mundo laboral cunha formación que permitirá traballar como autónomo ou como asalariado, cunha cualificación profesional suficiente para o desempeño dunha profesión.

Para acceder ós ciclos formativos de grao medio débese ter o título de ESO, ou superar un Programa de Formación Profesional Básico, ou superar unha proba de acceso se cumpres 17 anos.

Para acceder ós de grao superior débese cursar previamente un ciclo medio, o bacharelato ou superar unha proba de acceso se tes 19 anos.

Despois dun ciclo superior pódese acceder aos graos universitarios.



Hai máis de 100 títulos de FP diferentes organizados en familias profesionais. Dentro de cada familia ofértanse ciclos de grao medio e de grao superior.

OFERTA DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR:

Familias de Formación Profesional	Oferta de Ciclos Medios (CM) e Ciclos Superiores (CS)
Agraria	CM Producción agrotecnolóxica CM Producción agropecuaria CM Xardinería e floraría CM Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
	CS Paisaxismo e medio rural. CS Gandaría e asistencia en sanidade animal. CS Xestión Forestal e do medio natural
Actividades Físicas e Deportivas	CM Condución de actividades físico – deportivas no medio natural
	CS Ensinanza e animación sociodeportiva.
Artes Gráficas	CM Preimpresión dixital CM Impresión en artes gráficas.
	CS Deseño e xestión da produción gráfica. CS Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.
Marítimo Pesqueiras	CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas. CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións. CM Cultivos acuícolas. CM Navegación e pesca de litoral.
	CS Transporte marítimo e pesca de altura. CS Acuicultura. CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
Administración e Xestión	CM Xestión administrativa
	CS Administración e finanzas. CS Asistencia á dirección.
Comercio e Marketing	CM Actividades comerciais
	CS Transporte e loxística CS Márketing e publicidade CS Xestión de vendas e espazos comerciais CS Comercio Internacional
Imaxe e Son	CM Vídeo Dis-jokey e son.
	CS Animación 3D, xogos e contornos. CS Iluminación, captación e tratamento da imaxe. CS Son para a audiovisuais e espectáculos. CS Produción de audiovisuais e espectáculos. CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
Edificación e Obra Civil	CM Obras de interior, decoración e rehabilitación CM Construción
	CS Proxectos de obra civil. CS Proxectos de edificación CS Organización e control de obras de construción.
Electricidade e	CM Instalacións eléctricas e automáticas

Electrónica	CM Instalacións de telecomunicacións
	CS Sistemas electrotécnicos e automatizados. CS Sistemas de telecomunicación e informáticos. CS Mantemento electrónico. CS Automatización e robótica industrial.
Fabricación Mecánica	CM Mecanizado. CM Soldadura e caldeiraría.
	CS Construcións metálicas. CS Programación da produción de fabricación mecánica. CS Deseño en Fabricación Mecánica. CS Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.
Hostelería e Turismo	CM Cociña e gastronomía CM servizos en restauración
	CS Axencia de viaxes e xestión de eventos CS Xestión de aloxamento turístico CS Guía, información e asistencia turística CS Dirección de cociña. CS Dirección de Servizos de Restauración.
Imaxe Persoal	CM Estética e beleza. CM Peiteado e cosmética capilar.
	CS Etética integral e benestar. CS Estilismo e dirección de peiteado. CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa CS Caracterización e maquillaxe profesional
Industrias Alimentarias	CM Aceites de oliva e viños. CM Elaboración de produtos alimentarios CM Panadería, repostería e confeitaría
	CS Procesos e calidade na industria alimentaria. CS Vitivinicultura.
Informática e Comunicacions	CM Sistemas microinformáticas en rede
	CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma. CS Desenvolvemento de aplicacións web.
Instalación e Mantemento	CM Mantemento electromecánico CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Instalacións de produción de calor
	CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos CS Mecatrónica industrial CS Mantemento de instalación térmicas e de fluídos. CS Prevención de riscos profesionais
Madeira, Moble e Cortiza	CM Carpintería e moble CM Instalación e amoblamento
	CS Deseño e amoblamento
Transporte e	CM Carrozaría

mantemento de Vehículos	CM Electromecánica de vehículos automóbiles. CM Elecromecánica de maquinaria CM Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo
	CS Automoción CS Mantenemento aeromecánico
Química	CM Operacións de Laboratorio CM Planta Química
	CS Laboratorio de análise e control de calidade CS Química ambiental CS Química industrial CS Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns
	CM Coidados auxiliares de enfermería CM Farmacia e parafarmacia CM Emerxencias sanitarias
	CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico CS Dietética CS Documentación e administración sanitarias CS Hixiene bucodental CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear CS Laboratorio clínico e biomédico CS Próteses dentais CS Radioterapia e dosimetría CS Saúde ambiental CS Audioloxía protésica CS Ortoprótese e produtos de apoio
Servizos Socioculturais e á Comunidade	CM Atención a persoas en situación de dependencia
	CS Animación Sociocultural e turística CS Educación Infantil CS Integración social CS Mediación comunicativa CS Promoción de Igualdade de Xénero
	CM Confección e moda
	CS Patronaxe e moda
	CM Redes e estacións de tratamento de augas
Enerxía e Auga	CS Eficiencia enerxética e Enerxía Solar Térmica CS Enerxías renovables CS Centrais eléctricas
	CM Emerxencias e Protección Civil
	CS Educación e control ambiental
Seguridade e medio ambiente	CM Emerxencias e Protección Civil
	CS Educación e control ambiental

Que é o bacharelato e que título proporciona



Etapa educativa non obrigatoria de dous anos de duración á cal se accede co título de graduado en educación secundaria.

Existen tres modalidades (**Ciencias, Artes, Ciencias Sociais e Humanidades**) con materias diferentes en cada modalidade.

Cúrsanse materias troncais (comúns ás diferentes modalidades), materias específicas de materias de libre configuración.

As **materias troncais e obrigatorias a calquera modalidade son**: lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, lingua estranxeira, historia, filosofía, educación física.

As modalidades e as súas materias específicas son as seguintes:

1. **Artes.** As materias que se imparten son, dependendo de un ou outro itinerario: Cultura audiovisual, Debuxo artístico e Debuxo Técnico, Historia da Arte, Análise musical, Anatomía aplicada, Linguaxe e práctica musical, Artes Escénicas, Historia da música e da danza,
2. **Ciencias**, coas seguintes materias para escoller: matemáticas, física e química, bioloxía, debuxo técnico, tecnoloxía industrial, ciencias da terra e do medioambiente,
3. **Humanidades e Ciencias Sociais**, con materias tamén para escoller entre: Historia do Mundo contemporáneo, historia da arte, economía, matemáticas aplicadas ás ciencias sociais, grego, latín, literatura universal... .

Cada modalidade esta relacionada con determinados estudos académicos posteriores.

Trala superación de todas as materias que se cursan nesta etapa e da proba final de bacharelato obtense título de bacharelato.

O título permite o acceso aos ciclos formativos de grao superior e á universidade.



4. AS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS:

- A universidade é unha institución de educación superior onde se imparten as ensinanzas oficiais de maior nivel dentro do sistema educativo español.
- Unha carreira (grao) universitaria dura en xeral 4 anos.
- Permiten o acceso ao mundo laboral cunha titulación de nivel superior.

Que títulos universitarios hai:

Hai cinco grandes ramas de coñecemento e moitos títulos dentro de cada rama:

- **Rama de Ciencias:** Bioloxía, Biotecnoloxía, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos, Física, Matemáticas, Química.
- **Rama de Ciencias da saúde:** Medicina, Enfermería, Podoloxía, Veterinaria, Fisioterapia, Odontoloxía, Nutrición humana e dietética, Farmacia, Logopedia, Psicoloxía, Óptica, Terapia ocupacional,
- **Rama Ciencias Sociais e xurídicas:** Dereito, Relacións Laborais. Administración de empresas, Economía, Administración Pública, Mestre, Publicidade e Relacións Públicas, Xornalismo, Ciencia Política, Turismo, Comercio e Márketing, Comunicación Audiovisual, Deporte e Educación Física, Traballo social, Educación Social, Pedagogía, Socioloxía, Criminoloxía, Xestión industrial da moda, Creación dixital animación e vídeo xogos,... .
- **Enxeñerías e Arquitectura:** Arquitectura, enxeñaría de camiños e portos, de obras públicas, aeroespacial, agraria, forestal, electricidade, naval, informática, deseño industrial, telecomunicacións, minas, química industrial, Paisaxe, Robótica, enxeñaría da enerxía, biomédica, enxeñaría de datos, náutica
- **Artes e Humanidades:** Filoloxía, Traducción e interpretación , Historia, Belas artes, Restauración de bens culturais, Arte Dramática, Antropoloxía, Filosofía, Xeografía, Historia da arte, Linguas estranxeiras, Xeografía e historia, Xestión dixital da información,

As **modalidades de bacharelato** relaciónanse con estas **ramas de coñecemento universitario**.



Requisitos para acceder á universidade

Débese ter o título de Bacharelato e superar a proba de avaliación final para o acceso á universidade, coñecida como ABAU, ou superar un título de Técnico Superior (FP de grao superior).

5. AS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:

Proporcionan unha formación específica para garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, os idiomas, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño e as ensinanzas deportivas.



As ensinanzas de música e danza



As ensinanzas de música e de danza están dirixidas á formación de profesionais e teñen as seguintes saídas profesionais: interpretación, docencia, creación e investigación.

Tamén están dirixidas a afeccionados, a quen lles ofrece unha formación práctica. Pódense cursar a calquera idade nas escolas e conservatorios de Música e Danza. Para acceder precisas superar unha proba de aptitudes.

Organízanse en tres graos (elemental, profesional e superior) e duran 14 cursos en total.

As ensinanzas de idiomas



Estúdase as ensinanzas das linguas cooficiais do estado e as ensinanzas de linguas estranxeiras nas Escolas Oficiais de Idiomas e en institutos de educación secundaria autorizados. Pódense cursar en tres modalidades: presencial, libre, a distancia.

Constan de tres niveis de dous cursos cada un. En total son 6 cursos. Cada dous cursos podes acadar un título. Podes estudar moitos idiomas: Inglés, Francés, Alemán, Ruso, Italiano, Portugués, Galego, Árabe, Xaponés,

Para acceder precisas 16 anos (14 se é para estudar un idioma diferente ao que estudache en ESO).

As ensinanzas deportivas



Son ensinanzas dirixidas a formar adestradores.

Existen diversas especialidades deportivas: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí, snowboard), Deportes de montaña e escalada, Atletismo, Baloncesto, Balonmán, Hípica, Salvamento e socorrismo, Mergullo deportivo, Judo e defensa persoal,

piragüismo.

Organízanse en dous ciclos con tres cursos en total. Para acceder ao 1º curso precisas o o título de ESO e superar unha proba de aptitudes deportivas.

As ensinanzas de artes plásticas e deseño



Ofrecen unha formación técnica e unha formación artística que proporciona unha cualificación profesional.

Comprenden un conxunto de ciclos formativos de grao medio e grao superior nas seguintes especialidades:

- Comunicación gráfica e audiovisual.
- Escultura
- Cerámica artística
- Deseño de interiores
- Xoiaría artística
- Artes aplicadas ao libro

Para acceder a elas, ademais de posuír o título de ESO /Bacharelato, precisas superar unha proba de aptitudes plásticas.

Outros estudos artísticos



- Os estudos superiores da especialidade de **Conservación e Restauración de Bens Culturais** (para ser restaurador/a de obras artísticas en museos).
- As ensinanzas superiores de **Arte Dramática** (para ser actor /actriz, director/a de cine ou escenógrafo/a).
- Os estudos superiores de **Deseño**, que inclúen catro especialidades: Deseño de Productos, Deseño de Interiores, Deseño Gráfico, Deseño de Moda.

Para acceder a todos estes estudos precisas acadar o título de Bacharelato e superar unha proba de aptitudes artísticas.

6. COÑECEMOS OS CONTIDOS DAS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE 2º DE ESO:

1. Educación financeira:

Contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques:

- O primeiro bloque fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento.
- O segundo bloque céntrase na planificación financeira persoal e familiar.
- O terceiro bloque trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira.

Trátase de iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal.

2. Igualdade de xénero:

A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado “A construción social das identidades sexuais e de xénero”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade.

No segundo bloque, denominado “Relacións de xénero e afectividade”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade.

No terceiro bloque, “Da discriminación á igualdade de oportunidades”, trabállanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico).

O cuarto bloque, “Cara a unha sociedade sen violencia machista” pretende, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero.

3. Investigación e tratamento da información:

Desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo.

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.

Propóñense cinco bloques: A biblioteca, Fontes informativas Localización e selección, Organizarse para investigar, Procura e tratamento da información, Xeración de contidos e comunicación.



4. Oratoria:

Arte de falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecernos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias de comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas. Os contidos da materia distribúense en catro bloques:

- O primeiro bloque, "O discurso persuasivo", pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento a mostras representativas de discursos breves ou de fragmentos de discurso de índole persuasiva. Pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva e valorar os procedementos construtivos e elocutivos do discurso persuasivo.
- No segundo bloque, "Elaboración do discurso persuasivo", trata de desenvolver destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio; unha estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz.
- No terceiro bloque, "A presentación do discurso persuasivo": xestión emocional do/da orador/a, control da conduta asociada ás emocións negativas, emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso.
- O cuarto bloque, "Oratoria, valores e educación emocional": habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade, empregar a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos nos que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en

simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.).



5. Paisaxe e sustentabilidade:

Contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a se sentir parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura. Pretende afondar nas claves do desenvolvemento sustentable, baseado no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente, e tamén favorecer esta sensibilización mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha conciencia crítica sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos. E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade.

Bloques de contidos:

- As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías.
- A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución.
- carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles.
- Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía.

6. Programación:

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático. Bloques de contidos:

- O bloque "Diagramas de fluxo" trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo.
- O bloque "Programación por bloques" introduce un paradigma de programación que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas.
- O bloque "Programación web" introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.



7. Promoción de estilos de vida saudable:

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

O currículo divídese en dous bloques de contidos: "Actividade física e saúde" e "Alimentación para a saúde".

- O bloque de contidos "Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa. Ademais, aborda de maneira sinxela o traballo no ámbito socioemocional de estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.).
- O bloque de "Alimentación para a saúde" hábitos de alimentación e hidratación saudables a través do coñecemento dos alimentos e das bebidas, así como das súas proporcións máis adecuadas ás súas propias características e demandas enerxéticas, o alumnado debe aprender a avaliar de forma sinxela a súa inxestión e a instaurar un estilo de vida saudable a través da elaboración e a posta en marcha de dietas equilibradas, partindo de patróns alimentarios saudables, como as dietas atlántica e mediterránea. Procúrase tamén o desenvolvemento da capacidade crítica na compra de alimentos e bebidas, dotando de ferramentas que permitan facer unha análise crítica das etiquetas nutricionais. No ámbito socioemocional, trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.).

8. Xadrez:

Xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación.

Bloques de contidos:

- Bloque "Fundamentos de xadrez" desenvolve contidos elementais e prácticos para empezar a xogar ao xadrez, ademais de aprender vocabulario específico noutros idiomas.

- Bloque "O xogo en acción" dedícase a afondar na adquisición de coñecementos técnicos e tácticos para ir mellorando no xogo.
- Bloque "Transversalidade no xadrez" pretende desenvolver técnicas de traballo cooperativo, a mellora no manexo das TIC e a análise de diferentes situacións desde a interdisciplinaridade.

9. Consumo responsable:

Ten como obxectivo formar persoas consumidoras responsables, informadas, conscientes, críticas e solidarias, como unha forma de previr o consumismo excesivo e os seus efectos negativos para a sociedade e o ambiente.

O currículo desta materia está organizado en catro grandes bloques:

- 1º Bloque: O consumo responsable e tipos de consumo, pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento aos conceptos básicos de consumo e hábitos de consumo responsable, así como unha aproximación inicial aos dereitos das persoas consumidoras.
- 2º Bloque: Identificación dos produtos a través da súa etiquetaxe, pretende aproximarlle ao alumnado as nocións básicas sobre a etiquetaxe dos distintos produtos postos no mercado á disposición das persoas consumidoras e a importancia de coñecela ben.
- 3º Bloque: Publicidade dos bens e servizos de consumo, céntrase nun dos principais elementos que inflúen nas decisións de consumo: a publicidade.
- 4º Bloque: O exercicio dos dereitos das persoas consumidoras, céntrase na presentación dos dereitos das persoas consumidoras e nas estratexias para facelos valer a través dos servizos con que as persoas consumidoras contan para a súa defensa, con especial atención ás institucións e ás políticas públicas que amparan as persoas consumidoras.

10. Identidade dixital:

Contidos relacionados coa identidade dixital, entendida como o conxunto da información sobre un individuo ou organización exposta na internet (datos persoais, imaxes, rexistros, novas, comentarios, etc.) que conforman unha descrición deste ente no plano dixital.

A materia estrutúrase en tres bloques diferenciados:

- Bloque 1: A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal, trata de situar psicolóxica e socialmente o termo «identidade» como unha concepción propia do individuo que pertence a un colectivo máis amplo (sociedade).
- Bloque 2: A identidade dixital, trabállase a fondo o concepto desde un punto de vista individual, social e de interacción; analízase o tratamento que os servizos máis comúns de redes sociais fan da privacidade e ofrece pautas para a súa xestión, cuestións clave para garantir os dereitos persoais.
- Bloque 3: Pensamento crítico e redes, presenta ao alumnado unha perspectiva que contén o coñecemento esencial sobre as funcións dos medios e dos provedores de información nas sociedades democráticas, de xeito que favorece que as persoas usuarias se involucren nas canles e medios de información dun xeito significativo.

11. Mobilidade escolar sostible e segura:

O obxectivo principal desta materia é formar o alumnado en todos os aspectos relacionados coa mobilidade fundamentándoa nos principios de benestar, convivencia, seguridade, eficiencia, igualdade e corresponsabilidade.

- O primeiro bloque, Proxecto de mobilidade, é un bloque instrumental. Contribúe á aprendizaxe da metodoloxía baseada en proxectos. Propón a elaboración dun proxecto de mobilidade que o alumnado debe realizar ao longo do curso e expón distintas ferramentas (incluíndo as TIC) de toma de decisións e análise de problemas para desenvolvelo de xeito colaborativo.
- O segundo bloque, Espazos para a mobilidade, fornece contidos para coñecer e describir os elementos que conforman os espazos públicos, poñendo o foco nos espazos empregados para os desprazamentos e valorando especialmente os modelos imperantes a través da análise do seu deseño, dos usos e da súa funcionalidade.
- O terceiro bloque, Principios e roles de mobilidade. Normativa e seguridade, aborda, por unha banda, a temática das normas e os valores éticos que hai arredor da mobilidade sustentable e segura, así como os pasos que cómpre seguir en caso de accidente. Ten como obxectivo que o alumnado considere a importancia de recoñecer o valor da percepción do risco, dos valores cívicos no uso compartido dos espazos públicos, e da necesidade de cumprir as normas para garantir os dereitos de uso de todas as persoas nos seus desprazamentos.

12. Valores democráticos europeos:

A aprendizaxe dos valores necesarios para a construción da sociedade do futuro.

- Bloque 1, Os valores europeos, centrado na conceptualización dos valores europeos, como aqueles que xorden da tradición ilustrada que produciu a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e que están no centro da construción europea.
- Bloque 2, De persoas individuais a seres sociais, afonda na viaxe de individuo a cidadán, en canto ser social e político. Profúndase no coñecemento da xénese histórica dos valores, das loitas sociais pola inclusión intercultural, opoñéndose aos procesos históricos de anulación dos trazos culturais e sociais diferentes.
- Bloque 3, A inclusión na diversidade, pola súa banda, ten unha perspectiva máis integradora e globalizada dos contidos traballados ata o momento, para a o desenvolvemento de competencias sociais e cívicas que faciliten a consecución de proxectos vitais e sociais relevantes, inclusivos e xustos.

1. Cales son os requisitos para promocionar de curso en ESO?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Mon

.....

.....

9. Se quero ser adestrador/a dunha especialidade deportiva, por exemplo de baloncesto, que ensinanzas teño que estudar?

.....

8. Cales son as cinco ramas de coñecemento universitario? Escribe dous graos universitarios para cada unha das ramas:

Rama de coñecemento universitario	Graos universitarios
1.....	
2.	
3.	
4.	
5.	

9. Escribe as tres materias de libre configuración que máis che gustan para cursar en 2º de ESO:

Por orde de preferencia: 1ª 2ª 3ª	Elixo unha: ☐ Relixión ☐ Valores éticos
--	---

Escribe aquí as anotacións ou dúbidas que desexes resolver:

Para máis información podes consultar o Blogue de Orientación:

<http://monicadizorienta.blogspot.com>

